

A Coruña, 6 de maio de 2016

Fundación Repsol apoia o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia dentro do seu compromiso coa cultura galega

Baixo a dirección do director inglés, Rumon Gamba, a OSG interpretará o Concerto para trompeta de Brett Dean e a Sinfonía nº1, en se bemol menor de William Walton

Fundación Repsol apoia xunto á Refinería o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) que terá lugar hoxe pola tarde ás 20:30 horas no Pazo da Ópera da Coruña.

Baixo a dirección do director inglés, Rumon Gamba, a OSG xunto ao tropetista sueco, Hakan Hardenberger interpretará por primeira vez en España o *Concerto para trompeta* de Brett Dean. Os máis de 1000 asistentes poderán tamén gozar da *Sinfonía nº1, en se bemol menor* de William Walton que pecha o programa.

Este concerto enmárcase dentro do compromiso que Repsol e a súa Fundación manteñen coa cultura co obxectivo de achegar a música aos cidadáns. En 1998 comezou esta colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia e desde entón realizouse unha achega de máis de 1 millón de euros para o desenvolvemento do seu labor cultural.

Comprometidos co talento

Ademais, Fundación Repsol apoia a formación musical dos máis novos mediante o patrocinio do programa educativo SonFuturo da OSG. Para iso, achega unha dotación de máis de 70.000 euros que se destina ás actividades deste programa, onde se atopan todas as iniciativas

promovidas desde a Orquestra Nova e de Nenos, o Coro Novo e os Nenos Cantores da OSG, e os concertos didácticos para escolares e en familia ofrecidos pola Sinfónica de Galicia.